



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Lingua Galega e Comunicación Oral	Código	613G02021	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Freixeiro Mato, Xose Ramon	Correo electrónico	ramon.freixeiro@udc.es	
Profesorado	Freixeiro Mato, Xose Ramon	Correo electrónico	ramon.freixeiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo aplicado de aspectos gramaticais, especialmente fonéticos e pragmáticos, con incidencia na comunicación oral da lingua galega.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A21	Dominar a gramática da lingua galega.
A25	Coñecer a variación lingüística da lingua galega.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación	
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.		A2	
		A4	
Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.		A3	
		A4	
		A9	
Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.		A9	
		A14	
Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.		A15	
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.		A21	



Dominar a gramática da lingua galega.	A25		
Coñecer a variación lingüística da lingua galega.		B1	
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1 B3	
Adquirir capacidade de autoformación.		B3 B4	
Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.		B4 B5	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B5 B6	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		B6 B7	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	C3
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3 C6
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A linguaxe como fenómeno oral	1.1. Caracterización da linguaxe humana 1.2. A produción da fala 1.3. O aparello fonador
2. Fonética e fonoloxía	2.1. Definición e relacións; o son e o fonema 2.2. As vogais e as consoantes 2.3. A ortografía: letras e dígrafos
3. O sistema vocálico	3.1. O subsistema tónico 3.2. O subsistema átono 3.3. Ditongos e tritongos
4. O sistema consonántico	4.1. Clasificación dos sons consonánticos 4.2. Os fonemas consonánticos e as súas realizacións
5. A prosodia	5.1. A cadea falada. Fonética sintáctica 5.2. A sílaba 5.3. O acento e a entoación
6. Fonética e pragmática	6.1. Caracterización do texto oral 6.2. A análise da conversación 6.3. Os marcadores conversacionais 6.4. A fonoestilística

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	20	30	50
Obradoiro	16	32	48
Traballos tutelados	1	10	11
Presentación oral	1	1	2
Lecturas	1	20	21
Recensión bilbiográfica	1	10	11
Proba mixta	1	5	6



Atención personalizada	1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado			

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, ben como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades contéplanse, alén doutras, a análise de textos orais de carácter dialectal, o comentario fonético de textos literarios, as prácticas de transcripción fonética e fonolóxica, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e estudos de casos.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar un traballo, dirixido polo profesor, consistente, por unha parte, na gravación, transcripción e comentario fonético dun texto de procedencia oral, e por outra no estudo teórico dun trazo fonético particular presente naquel e que forme parte da materia do curso. Con este traballo, de que derivará unha presentación oral, preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes documentais de diverso tipo.
Presentación oral	Exposición oral, na aula, en que cada estudante explicará a metodoloxía, desenvolvemento e resultados da pesquisa realizada no "Traballo Tutelado".
Lecturas	Cada estudante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obrigatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesor.
Recensión bibliográfica	Cada estudante deberá entregar a(s) recensión(s) bibliográfica(s) que o profesor indicar ao longo do curso.
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, transcripción fonético-fonolóxica, comentario fonético de textos etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Ao lado do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada estudante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Obradoiro	Realización de actividades prácticas derivadas das sesións maxistras (análise de textos, transcripción fonético-fonolóxica etc.).	10
Traballos tutelados	Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva.	10
Presentación oral	Cada estudante deberá facer unha presentación oral do traballo tutelado. Serán valorados os resultados da pesquisa, o rigor expositivo, a calidade da lingua utilizada e os recursos e estratexias expositivas empregadas.	10
Lecturas	Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesor.	15
Recensión bibliográfica	Elaboración escrita dunha ou máis recensións bibliográficas de libros e/ou artigos pertinentes para a formación do estudantado. Será valorada a capacidade de síntese, o rigor e clareza expositiva, ben como a calidade lingüística.	15
Proba mixta	Constitúe unha proba con elementos diversos, onde serán valoradas cuestións tales como os contidos, a clareza e rigor expositivo e a calidade lingüística das respostas.	40

Observacións avaliación
-------------------------



Para

superar a materia,

o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Igualmente, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliábeis/instrumentos de avaliación.

O

alumnado terá de entregar os traballos e actividades no prazo fixado. Ao mesmo tempo, todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal etc.); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación.

O alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante; se non puiden asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Na

segunda oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior.

A cualificación de

NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non asistir ao exame (proba mixta) e/ou cando tiver entregado un número inferior de actividades ao 50%.

## Fontes de información

### Bibliografía básica

- Bagno, M. (1997). A língua de Eulália. Novela sociolingüística. São Paulo. Contexto
- Fernández Rei, F. / Hermida Gulías, C. (2004). A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego. Santiago: Consello da Cultura Galega
- Catford, J. C. (1994). A Practical Introduction to Phonetics. Oxford. Clarendon
- Álvarez Blanco, R. (1988). Consideracións sobre a metafonía nominal galega, en Homengem a Joseph Piel per ocasión do seu 85º aniversario. Tübingen. Instituto da Cultura e Língua Portuguesa e Consello da Cultura Galega
- Fernández Rei, F. (1991). Dialectoloxía da lingua galega. Vigo. Xerais
- Regueira Fernández, X. L. (1999). Estándar oral e variación social da lingua galega, en Eincuidos por unha arela común. Homenaxe a Xesús Alonso Montero. Santiago de Compostela. Universidade de Santiago de Compostela
- Veiga Arias, A. (1976). Fonología gallega. Valencia. Bello
- Barroso, H. (1999). Forma e Substância da Expressão em Língua Portuguesa. Coimbra. Almedina
- Freixeiro Mato, X. R. (2006). Gramática da lingua galega I. Fonética e fonoloxía. Vigo. A Nosa Terra
- Ferreiro, M. (1999). Gramática histórica galega I. Fonética e Morfonsintaxe. Santiago: Laiovento
- Martínez Celdrán, E. (2002). Introducción á fonética. O son na comunicación humana. Vigo: Galaxia
- Regueira Fernández, X. L. (1994). Modelos fonéticos e autenticidade lingüística. Cadernos de Lingua 10. 37-60
- Regueira Fernández, X. L. (coord.) (1999). Os sons da lingua. Vigo. Xerais

### Bibliografía complementaria

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**



Materias que continúan o temario
Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías